Concello de Arzúa

A C T A

En Arzúa, a 29 de xuño de 2016.

Sendo as 10.10 horas, no baixo do edificio municipal multiusos, nomeado "Terra do Queixo", sito na rúa Padre Pardo, reunense os membros integrantes da Comisión Seleccionadora que cualificará o **exercicio de carácter práctico** de que consta o proceso de selección mediante oposición, convocado para poder seleccionar aos **tres traballadores** que serán **contratados como operarios de servizos varios**, durante un período dezaoito meses, cunha xornada de traballo de vinte horas semanais, de conformidade coas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, por acordo adoptado na sesión celebrada o día 19 de maio de 2016

Asisten a esta reunión os seguintes catro integrantes da Comisión Seleccionadora:
• Presidente: D. Luis Fole Barrio (A*rquitecto técnico do Concello de Arzúa)*
• Vogais:
-Dª. Ana Vallo Camba (*Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Boimorto*).
-D. Ramón Verea Castelo (Encargado dos servizos de mantemento *do Concello de Arzúa).*
• Secretario: D. Juan Colmenares López-Soldado (*secretario do Concello de Arzúa*).

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, --de conformidade co disposto no artigo 26 nº 1, da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común-, o presidente procedeu a declarar constituida dita Comisión.

Comprobado que foron vintetrés os aspirantes que superaron o primeiro exercicio (de carácter teórico) desta oposición, porque obtiveron unha puntuación igual ou superior a 10 puntos, sobre 20 posibles na valoración de dito exercicio; o cal lles permitía acceder á realización do exercicio práctico previsto para o día de hoxe.

E coñecido polos dezanove aspirantes que compareceron a realizar o exercicio práctico, que dito exercicio consistiría en clasificar diversos materiais de refugallo nos seus correspondentes contedores, dispoñendo para iso dun período máximo de cinco mínutos; cuxa proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superar este exercicio.

Procedeuse a comunicar aos dezanove aspirante que, durante o tempo que dure este exercicio, terán que permananecer nunha das dependencias situada no baixo do edificio, sendo esta en concreto a situada á esquerda segundo se entra ao edificio; e unha vez quedaron alí esperando, foiselles chamando individualmente, pola mesma orde que o de presentación das súas respectivas instancias no Rexistro Xeral do Concello (para participar na oposición), de manera que cando cada aspirante acabou de realizar o seu exercicio xa non se incorporou á dependencia de onde proviña, senón que saíu directamente do edificio.

E así, sucesivamente, foron realizando esta proba os dezanove aspirantes, a partir das 10.20 horas ata as 14.00 horas, acordando previamente o presidente e os dous vogais da Comisión Seleccionadora que, para a clasificación dos materiais de refugallo nos correspondentes contedores se utilizasen os dezasete obxectos que a continuación se indican, de maneira que o seu correcto depósito no en cada contedor se valorase con 0,50 puntos, mentres que se o depósito dun obxecto se realizase de maneira incorrecta restaría 0,20 puntos; sendo obxecto tamén de valoración: a correcta colocación de protecciónns persoais, a colocación da nova bolsa na papeleira e o correcto baleirado da bolsa, cunha valoración de 0,50 puntos en cada un deses tres casos e unha diminución da putación en cada caso de 0,20 puntos para cando a colocación se realizase de maneira correcta.

Sendo os dezasete materiais indicados, os seguintes obxectos: bandexa de cartón, bandexa de porexpan, bote de colonia, bote de desodorizante, bote marmelada, pallas de beber, papel de cociña sucio, pelota plástico, papel térmico tickets, prato de plástico sucio, tubo pasta dentífrica, biberón de plástico, papel de madalenas, vaso de cristal, libreta arame, botella corcho e sobre de correos.

Dándose a circunstancia de que o aspirante Manuel Jesús Martínez Ruiz, antes de proceder a realizar o seu exercicio, fixo entrega ao presidente da Comisión Seleccionadora, (a presencia dos restantes tres membros que a integran) de dous papeis iguais en color, modelo DIN-4, onde figuran os criterios que -segundo dito aspirante- existen na mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza, para facer a clasificación dos residuos nos contedores de cor verde; pedindo que se incorporasen ao expediente.

Tras a realización de cada exercicio, a Comisión Seleccionadora foi valorando detalladamente o exercicio que realizaran cada un dos aspirantes; outorgándolles as seguintes puntuacións:

	NOME E APELIDOS	Puntuación proba teórica.
1	Carlos López Carril	Non presentado
2	Jesús Veleiro Rosende	7,2
3	Manuel Jesus Martínez Ruiz	4,4
4	Jesús Manuel Fernández Furelos	0,9
5	Asunción Crego Alario	0,9
6	José Luis Varela Pereira	-0,5
7	Ana Belén Freire Quintas	3,7
8	Adrián Sánchez Formoso	3,7
9	José Ramón Rodríguez Rey	2,3
10	Javier Ignacio Pampín Budiño	0,2
11	Oscar Vázquez Becerra	Non presentado
12	Ana Belén García Candal	Non presentado
13	Oscar Segade Varela	-0,5
14	José Ignacio Vázquez Villares	6,5
15	Javier Montero Vázquez	3
16	Alejandro Piñeiro Veiga	1,6
17	Manuela Souto Vázquez	6,5
18	Salomé Estrella Gómez Rama	0,2
19	José Manuel Sánchez Espiñeira	6,5
20	Heliodoro Fidalgo Hermida	Non presentado
21	José Rodríguez Rodríguez	6,5
22	David Varela Perez	2,3
23	David Vázquez Nieto	2,5

En consecuencia coas puntuacións outorgadas, e tendo á vista a documentación aportada por cada aspirante (coa súa solicitude para tomar parte neste proceso de selección), a Comisión Seleccionadora –por unanimidade dos seus catro membros integrantes- adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Facer saber aos catorce aspirantes que non obtiveron a puntuación mínima de 5 puntos sobre 10 posibles, que quedan eliminados para continuar neste proceso de selección, por canto que así se establece na Base Décima das que rixen dito proceso.

Segundo.- Facer saber aos aspirantes: Jesús Veleiro Rosende, José Ignacio Vázquez Villares, Manuela Souto Vázquez e Jose Manuel Sánchez Espiñeira, que superaron o exercicio de carácter práctico realizado no día de hoxe, que -ao acreditar que estaban en posesión do Celga 2 ou equivalente- estarían exentos de realizar o terceiro exercicio da oposición, sobre coñecemento do idioma galego; obtendo a dito exercicio a puntuación máxima en dita proba, de 2,5 puntos cada un deles, por vir así previsto para tales casos na Base Décima das que rixen o proceso de selección.

Terceiro.- Convocar ao aspirante José Rodríguez Rodríguez, que tamén superou o exercicio de carácter práctico, pero que non acreditou que estivera en posesión do Celga 2 ou equivalente, para que compareza a realizar o **exercicio sobre coñecementos do idioma galego o vindeiro día 5 de xullo (martes) ás 10.00 horas, no Salón de Comisións da Casa do Concello.**

Cuarto.- Concretar que a puntuación final, obtida por cada aspirante neste proceso de selección, virá determinada pola suma das puntuacións acadadas no exercicio teórico, no exercicio práctico e no exercicio sobre coñecementos do idioma galego. O cal se recollerá así na acta que se estenda da reunión na que se realice o exercicio de galego polo aspirante antes indicado, a efectos de poder propoñer ao alcalde a contratación dos tres aspirantes que obtivesen a maior puntuación.

Co cal douse por rematado o acto, ás 14.30 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscrita polos membros da Comisión Seleccionadora e para constancia no expediente. De todo o cal dou fe.